

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE REDONDELA PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E REORDENACIÓN DA PO-363 ENTRE REDONDELA E A PRAIA DE CESANTES.**

### **1. Antecedentes**

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

### **2. Razóns de necesidade e oportunidade**

A estrada PO-363 transcorre na súa totalidade polo núcleo urbano do Concello de Redondela, ao quedar integrada no seu rueiro. As obras proxectadas buscan unha humanización do vial coa reordenación da súa sección e a mellora da súa seguridade viaria.

Aproveitarase para a renovación das redes de saneamento e abastecemento, alumeadado público e semaforización, contribuíndo o concello economicamente nestes gastos.

### **3.- Impacto económico**

O custe total da actuación estímase nun millón cincocentos noventa e catro mil setecentos trece euros con dez céntimos (1.594.713,10 €) IVE engadido.

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará as obras cun importe de 1.161.444,91 € con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:



ANO	IMPORTE €
2025	232.288,98
2026	580.722,46
2027	348.433,47

#### **4.- Carácter non contractual**

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Redondela e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

#### **5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### **6.- Xustificación da concesión da subvención**

Antes do comezo das obras tramitarase o cambio de titularidade da estrada PO-363 entre Redondela e a praia de Cesantes, cunha lonxitude de 1,09 km, que quedara xa integrada no núcleo urbano, a favor do concello que será o responsable da súa conservación e mantemento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

